

REXISTRO CIVIL DE PONTEVEDRA

SOLICITUDES DE FE DE VIDA

1.- O certificado de Fe de Vida farase SEMPRES coa presenza da persoa interesada (excepto o disposto no punto seguinte). No momento da comparecencia deberase achegar o DNI, pasaporte ou NIE (tarxeta de residencia de estranxeiros) en vigor.

2.- No caso de que a persoa interesada non poda desprazarse por motivos de saúde, poderá solicitalo un terceiro achegando a seguinte documentación:

- Os dous documentos de identidade (o da persoa comparecente e o da persoa interesada).
- Certificado médico que manifeste a imposibilidade de trasladarse ao Rexistro Civil. Non é necesario que especifique a enfermidade ou doenza. Este certificado ten un período de validez máximo de QUINCE DÍAS desde a súa expedición.

3.- Cando se trate de cubrir impresos de fe de vida procedentes doutros países, cubriranse aqueles que traian a tradución ao español; en caso contrario, entregárase unha fe de vida internacional ou plurilingüe en impreso oficial de DICIREG.